



FOLGA XERAL O 29 DE SETEMBRO



**NON aos
recortes
laborais e
sociais**

■ Primeiro paso: todas e todos á rúa o 30 de xuño en Santiago

■ NON AOS RECORTES! Mobilízate con Comisións Obreiras

Manifestación unitaria de CCOO e UGT en Santiago de Compostela
30 de xuño

- **Concentración de delegados e delegadas en Madrid o 9 de setembro**
- **FOLGA XERAL O 29 DE SETEMBRO**

FOLGA XERAL

FAI FALTA OUTRA POLÍTICA ECONÓMICA PARA SAÍR DA CRISE E CREAR EMPREGO

A Comisión Executiva de CCOO, ante o xiro do Goberno na súa política económica e social, que ten a súa última expresión na reforma laboral, convocou de común acordo coa UGT a folga xeral para o 29 de setembro.

A realización da folga xeral virá precedida de asembleas en todos os centros de traballo e polígonos industriais, manifestacións nas capitais das comunidades autónomas o próximo 30 de xuño e por unha masiva concentración de delegados e delegadas o 9 de setembro en Madrid. O secretario xeral do Sindicato Nacional de CCOO, Xosé Manuel Sánchez Aguión, afirma que «o obxectivo é parar os ataques ao estado de benestar e aos dereitos dos traballadores e traballadoras».

Esgotáronse todas as posibilidades de acordo. A patronal, coas súas esixencias inaceptables, abor-

tou o diálogo social sobre a reforma do mercado de traballo; e fíxoo co mesmo entusiasmo co que aplaudiu o plan de axuste. A negociación non deu máis de si. A mesa de diálogo social na que Goberno, patronal e sindicatos debatían e contrastaban as propostas duns e outros tocou fondo.

O diálogo quedou malferido cando o Goberno presentou o seu plan de axuste, cargando sobre os empregados públicos, pensionistas e persoas dependentes a drástica redución do déficit público. A partir de aí, as organizacións empresariais desbotaron calquera posibilidade de pacto e elevaron o ton das súas demandas, conscientes de que, en caso de desacordo, o decreto prometido polo Executivo lles sería máis útil ca calquera reforma pactada. Non se equivocaron.

DESPEDIMENTO MÁIS DOADO E BARATO

O decreto aprobado en Consello de Ministros o 16 de xuño para reformar o mercado de traballo, que se tramitará como proxecto de lei no Parlamento, asume o núcleo duro das reivindicacións da patronal:

— O despedimento será máis doado e barato.

— Vai supoñer un aumento da temporalidade.

— Incrementarase a capacidade de decisión dos empresarios, deixando desprotexidos a millóns de traballadores e traballadoras de pequenas e medianas empresas.

— A negociación colectiva sufrirá un duro golpe, nun proceso de fragmentación que favorecerá a individualización das relacións laborais.

O Goberno recorta dereitos a traballadores e pensionistas